





Reclamante: 
Expediente. Nº **RSCTG 79/2017**

ASUNTO: Acordo da Comisión da Transparencia de Galicia sobre a reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

En resposta á reclamación presentada por  mediante escrito do 17 de agosto de 2017 dirixido á valedora do pobo, considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, adopta o seguinte acordo:

ANTECEDENTES

Primeiro.  presentou, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o 17 de agosto de 2017, unha reclamación porque o Concello de Vigo non facilitou a información que solicitara sobre a titularidade do tramo do camiño sinalizado no plano topográfico municipal que axuntaba. O escrito viña acompañado de copia da solicitude, con entrada no rexistro do concello o 26-6-17.

Segundo. O 4 de setembro deuse traslado ao Concello de Vigo da documentación aportada polo interesado para que achegara informe e copia completa e ordenada do expediente. O requirimento consta recibido o 6 de setembro.

Terceiro. O concello remitiu o informe o 29-9-17 (entrada no Valedor do Pobo o 5-10-17).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Único

A lexislación aplicable a este procedemento ven configurada pola lei 19/2013, de 9 de decembro (estatal), de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e pola Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, (galega) de transparencia e bo goberno, xunto coa lexislación básica en materia de procedemento administrativo.

O art. 24 da lei 19/2013, do 9 de decembro, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso poderá

interpoñerse unha reclamación ante o *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no art. 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O art. 28 da lei 1/2016, do 18 de xaneiro, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública poderá interpoñerse unha reclamación perante o Valedor do Pobo. O art. 33 da mesma lei indica que corresponde á Comisión da Transparencia (órgano colexiado) a resolución das reclamacións fronte ás resolucións de acceso á información pública que establece o seu art. 28. A disposición adicional quinta da lei establece que corresponderá resolver esas reclamacións, no suposto de resolucións ditadas polas entidades locais de Galicia, ao Valedor do Pobo, ao que adscríbese a Comisión da Transparencia, que por tanto é a competente.

Trátase dunha reclamación con carácter potestativo e previa á impugnación en vía contencioso-administrativa. Se axustará na súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

No caso examinado a solicitude non é de acceso a información pública, senón que trátase dunha solicitude relativa á aclaración da titularidade dun camiño. Trátase dun procedemento específico de investigación sobre o posible carácter demanial dun ben (posible titularidade municipal). Réxese polo Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño (Regulamento de Bens das Entidades Locais). Se require unha previa investigación, tal e como explica o concello, posto que a información non está dispoñible ou é dubidosa. Ata que a preceptiva investigación non finaliza a información non pode considerarse tal, isto é, aínda non existe (o concello sinala que non tivo a información ata que non finalizou as indagacións sobre o tramo do camiño). Si existían os indicios que se trasladaron oralmente ao reclamante; e precisamente por ser indicios era necesaria a investigación. Neste caso non se precisaba reelaborar a información, o que obrigaría a coñecer se resultaba aplicable a causa de inadmisión do art. 18.1.c) da Lei 19/2013, do 9 de decembro (“información para cúa divulgación sexa necesaria unha acción previa de reelaboración”), senón era necesario investigar para despois dispoñer da información e no seu caso facilitala. No estadio previo (cando se fixo a solicitude) a información aínda non existía como tal, polo que resulta de aplicación o previsto no art. 18.1.a) da Lei 19/2013, do 9 de decembro (“información que estea en curso de elaboración”).

En calquera caso coñecemos polo informe e os documentos aportados polo concello que tramitou o expediente específico (2901/244, 2017) e respondeu o 25-9-17 (resposta dirixida ao reclamante).

En conclusión, a Comisión da Transparencia

ACORDA

En atención aos anteriores antecedentes e fundamentos xurídicos procede

Único. Inadmitir o recurso presentado por [REDACTED] por falta de competencia da Comisión da Transparencia.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, unicamente cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, de conformidade co previsto no artigo 8.3 a lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 20 de decembro de 2017

A presidenta da Comisión da Transparencia

Milagros Otero Parga